


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

23 – 24 de maio do 2020

### ASCENSIÓN DO SEÑOR



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
E COA NATUREZA MALTRATADA



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa) **Nota:** Celebramos hoxe a Ascensión do Señor, sabendo que non nos deixa sos, non é abandonarnos, senón facer que sexamos cristiáns responsables e maduros na fe. Celebremos en familia que non estamos sos, senón que formamos parte dunha comunidade cristiá que nos acolle e acompaña no noso camiñar de fe.

### SAÚDO DE BENVIDA

#### *Celebrante:*

Hoxe aquí, na casa, estamos reunidos no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Pouco a pouco imos dando pasos na desescalada. E igual que Xesús foi pouco a pouco preparando aos Apóstolos para que, cando El non estivera, souberan facer o camiño da fe e mostrándoa aos outros, agora somos nós os que temos que ser responsables e camiñar coma crentes maduros e capaces de tomar as propias decisións.

É hora de ir retomando pouco a pouco de novo o camiño. Este tempo de corentena non foi para moitos de nós unhas vacacións, senón outra forma de vivir a fe polas circunstancias que nos rodean.

Con responsabilidade, nos días vindeiros imos comezar a vivir de novo a fe en comunidade sendo capaces de ser testemuñas da vida de Xesús no medio dela.

♪ **Unha xuntanza de amor**

**Monitor/a**

Rematando o noso camiñar de Pascua, acendemos esta vela na nosa casa, á beira da biblia, dunha pouca de auga, e dun anaco de pan.

Xesús dinos que vai estar connosco sempre, ata o fin dos tempos. Tratemos de sentir a súa presenza nesta celebración compartida. Sintámolo á nosa beira. escoitemos a súa Palabra e atopémolo na comunidade que formamos cos nosos parentes e veciños.

*(Acéndense a vela)*

Señor Xesús,  
hoxe despídeste dos Apóstolos  
pero non os deixas sos.  
Sabemos da túa presenza no medio de nós  
e de todos os que cremos en Ti.  
Fai de nós crentes responsables e maduros na fe  
para que saibamos facela vida  
e compartila cos nosos irmáns  
para chegar a ser unha comunidade viva  
e comprometida cos máis necesitados.

♪ **Quédate Señor connosco**

**ORACIÓN PROPIA DO DÍA**

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus.*

*(silenzo)*

Deus de misericordia, fainos reloucar con alegría nesta festa da Ascensión de Cristo, na que tamén nós somos elevados onda ti, pois á gloria onda se adiantou el coma cabeza da Igrexa, tamén estamos chamados nós.

Pedímoscho polo noso Señor Xesucristo Resucitado que vive e reina contigo na unidade do Espírito santo, por sempre eternamente.  
Amén

**2.- PROCLAMACIÓN DA  
PALABRA DE DEUS**

*(sentad@s)*

**Monitor/a:** *Sentíndonos unidos na oración, escoitemos a narración da Ascensión e como os Apóstolos volven a Xerusalén cheos de ledicia.*

*As palabras do Evanxeo de hoxe son motivo de esperanza e axuda para estes momentos que estamos a vivir. Que sexan alento para facer de nós crentes responsables e coherentes coa fe que recibimos e queremos vivir.*

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi levado ao ceo, logo de ter dado instrucións polo Espírito Santo aos apóstolos que escollera.

Os mesmos aos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ao Reino de Deus. E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

- Señor, é agora cando vas restablecer o Reino de Israel?

El respondeulles:

- Non vos acae a vós coñecer o tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitoullo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con

vestidos brancos, que dixeron:

- Galileos, que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ao ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.

**Palabra do Señor**

🎵 **No colo da miña nai**

SALMO

(en pé) *Leccionario I A páx 163* Mt 28,16-20 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, os once discípulos fóronse para Galilea ao monte onde Xesús os citara. E véndoo, prostráronse ante el, anque algúns dubidaban. Xesús, achegándose, díxolles:

- Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

**Palabra do Señor**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

**Monitor/a** Nesta semana estamos convidados a afondar no grande signo da fe, que para nós hoxe é PASCUA DE COMUNIDADE:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade (no día de hoxe)

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

## No taboleiro da PASCUA

**Celebrante** A PASCUA DE COMUNIDADE, fogar de fogares, parroquia de parroquias na Unidade Pastoral de Os Cotos.

Seguro que moitas veces non estamos de acordo e criticamos o que se fai nestas nosas parroquias. Agora sería bo que nos fixáramos só no que teñen de bo. Que é o mellor da nosa parroquia?.

En que momentos temos sido unha parroquia acolledora?

En que momentos ou lugares amosamos que somos unha comunidade coidadora?

En que ocasións temos amosado que somos unha comunidade atenta ás necesidades que pode ter un veciño ou unha veciña?

Que bo poderían dicir do noso facer comunidade na igrexa parroquial?

**Monitor/a**

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

# PASCUA na COMUNIDADE

Igrexa que cree, vive e comparte

A igrexa é unha comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos traballos, dos nosos esforzos polos máis empobrecidos.



Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí estou no medio deles. Mateo 18, 20



Os Cotos, somos unha igrexa que imos construíndo entre todos, unha comunidade de parroquias facendo un camiño compartido.



A nosa Igrexa, comunidade viva, apreza ás persoas sen facer diferenza de raza, lingua, cultura ou territorio.

Moitos somos igrexa, somos pedras vivas que servimos dignamente para o proxecto de Xesús: regando a terra da xustiza pascual, servindo para dar esperanza, coidados, paz, alimento...

A Igrexa é unha maquinaria que coa palabra transforma os corazóns para que a vida teña color e sentido.



Como comunidade cristiá aprendemos a traballar polos dereitos de todos, sobre todo dos máis pequenos e necesitados.



A igrexa faise crible en comunidade, acolledora, coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados.

## COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

### ACOLLIDA DA AUGA

**Celebrante** Na celebración da Vixilia Pascual fixemos memoria do noso bautismo. Aquí na casa ante esta auga de vida que nos une en familia e comunidade, agradecemoslle a Deus os dons cos que El nos agasalla.

*(Como xesto mollamos os dedos e santiguámonos como as veces facemos ao entrar na igrexa)*

Enchoupados da AUGA VIVA, dicimos:

**BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR**

#### **Monitor/a**

\* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

\* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

\* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

**Celebrante** Nestes días de Pascua, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal, pois son moitas as veces que perdemos o sentido de comunidade.

#### **Monitor/a**

Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

**SI, RENUNCIO**

- Renunciades a calar diante das inxustizas e das necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

**SI, RENUNCIO**

- Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

**SI, RENUNCIO**

**Celebrante** Deixándonos quecer á beira do LUME da fe, cos ollos postos na LUZ do Resucitado, cos oídos atentos á súa PALABRA, compartindo na AUGA a fe pascual, alimentados co PAN da mesa, somos membros dunha COMUNIDADE viva que comparte este credo

**Monitor/a**

Credes en Deus,  
Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

**SI, CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo,  
o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus,  
que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

**SI, CREEMOS**

Credes na Igrexa,  
unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

**SI, CREEMOS**

**(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL**

**Celebrante** *En familia, sentindo viva en Xesús a Palabra de Deus, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos*  
**Señor da vida, escoita a nosa oración**

**Monitor/a**

**1.** Señor, queremos rezar por nós, que estamos aquí compartindo, celebrando e vivindo o Evanxeo dende a casa; que non esquezamos que pertencemos á túa comunidade, oremos

**2.** Señor, que nas nosas comunidades nos deixemos guiar polo xeito de vida de Xesús e colaborem en todo o que supoña poder levar paz, agarimo, sorriso e esperanza a todos, oremos.

3. Señor, lembramos a todas as persoas que damos vida a esta nosa terra, que sempre nos sentimos orgullosos da nosa fala, da nosa cultura, do noso ser de Galiza, oremos

4. Polos traballadores e traballadoras que nestes días miran o seu futuro con moi pouca esperanza, oremos

5. Polas persoas que formamos a Igrexa, para que non quedemos plantadas mirando cara ao ceo, descoidando os problemas da terra, oremos

6. Polos voluntarios e profesionais que tanto ben fan nestes días, son para todos nós unha fonte de vida e alento. Por eles oremos

**Celebrante** Señor, Ti es fonte de vida. Que saibamos facer as cousas moito mellor do que as fixemos ata esta pandemia. Que o volver á “normalidade” non se quede en volver a ser o de antes, o que nos trouxo ata aquí. Que saibamos facer mellor as cousas.

*Os discípulos non se contentaron con volver ás rutinas dos seus días, déronse conta de que tiñan un camiño por diante, coa tarefa de facer crible o evanxeo. Apronta, Señor, as nosas mans, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente, amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Con ela pedimos vida para nós e para todos os que formamos a Unidade Pastoral de Os Cotos. Teñamos pois presentes aos que comparten outras veces ao noso lado a celebración:* NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *PAZ CONVOSCO son palabras do Resucitado. Acollamos pois esa voz, e contaxiémola a todos, por iso agora lembramos aos veciños e veciñas que nestes dous meses de pandemia, botamos de menos.*

#### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección. Reunidos nas casas, escoitaban a palabra de Xesús transmitida polos homes e mulleres que a viviran de primeira man. Que compartamos de verdade hoxe a nosa fe sendo responsables e moi coidadosos á hora de facer COMUNIDADE.*

*Ditosos nós que en familia o podemos facer.*

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA


##### ORACIÓN FINAL

###### *Celebrante:*

Señor, que a celebración que temos compartido, nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, dando froitos dabondo para os demais, por Cristo que vive e reina Resucitado para sempre eternamente. Amén.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

*Aínda que estamos preto da fase 2 da desescalada, seguimos prudentes, á hora de achegarnos á casa de algún familiar ou amigo co que non estamos dende fai dous meses, e “aínda pouco máis”.*

*Non é tempo de volver ao que facíamos antes. Facelo será un erro imperdoable e con unhas consecuencias tremendas para todos.*

*¡¡Por favor!!, co esforzo que deu chegar a onde estamos, non botemos todo por terra agora e sexamos, se cabe, máis responsables aínda.*

*“Quédate na casa”*

*Temos previsto que no vindeiro fin de semana poidamos empezar a celebrar a misa nas parroquias. Permanece atento aos horarios. A pandemia continúa.*



**HORARIOS PARA 30 e 31 DE MAIO  
E O MES DE XUÑO  
NA UNIDADE PASTORAL DE OS COTOS**

**SAN XOSÉ DE A LAXE**

\* Todos os sábados ás 6 da tarde

**SAN MARTIÑO DE VERDUCIDO**

\* Todos os sábados ás 7 da tarde

\* O sábado 13 será na capela de San Antonio

**SANTA MARÍA DE ESTACAS**

\* Todos os domingos ás 10'30 da mañá

**SAN MIGUEL DE VENTÍN**

\* Todos os domingos ás 11'30 da mañá

\* O domingo 7 honramos á Virxe da Saúde

**SAN LORENZO DE FORNELOS**

\* Todos os domingos ás 12'30 da mañá

**SAN VICENTE DE OITAVÉN**

\* Todos os sábados ás 7 da tarde

**SANTA MARÍA DAS NEVES DE TRASPIELAS**

\* Todos os domingos ás 10'30 da mañá

**SAN ADRIÁN DE CALVOS**

\* Todos os domingos ás 11'30 da mañá

\* O domingo 7 honramos a Santísima Trindade

\* O domingo 14 Corpus honramos a San Adrián

**SAN PAIO DE MOSCOSO**

\* Todos os domingos ás 12'30 da mañá

\* O mércores 24 ás 8 da tarde único día de novena na honra da Virxe dos Remedios e do Carmen

\* O domingo 28 honramos a San Paio

**O DIVINO SALVADOR DE XUNQUEIRAS**

\* Todos os sábados ás 6 da tarde

A partires de agora xa se poderán ter os funerais pendentos. Será necesario que a familia se poña en contacto cos párrocos para ver posibles días e horas, sabendo que en todo tempo e lugar haberá que respectar as normativas sanitarias oportunas.

Aínda non teremos misa durante a semana, polo que as intencións polos nosos defuntos quedarán para máis adiante.